

AO CONCELLO DE PONTEAREAS

Expediente: 5583/2019

Asunto: Alegacións a recurso de reposición

D. ROBERTO MERA COVAS, con D.N.I. 76.896.069-P e enderezo a efectos de notificacións en A Serra, 31, Arcos, 36865, Ponteareas, na súa condición de concelleiro da Corporación Municipal de Ponteareas, en relación co recurso de reposición interposto por Dna. Belén Villar González fronte ao acordo do Pleno da Corporación de 30 de xullo de 2019 en virtude do cal se aprobou recoñecer ao comparecente a compatibilidade co exercicio das actividades profesionais de avogado e politólogo, perante o Concello de Ponteareas **COMPARECE e DI**

PRIMEIRO.- DO OBXECTO DO RECURSO E NORMATIVA CITADA NO MESMO

É obxecto do recurso a impugnación do acordo adoptado polo Pleno da Corporación o 30 de xullo de 2019 polo que se recoñece ao comparecente a súa compatibilidade co exercicio das actividades profesionais de avogado e politólogo.

O recurso interposto baséase nunha presunta infracción dos artigos 75.1. da LRBRL e dos artigos 1.3, 11 e 12 da Lei 53/1984. Ditos preceptos establecen:

Artigo 75.1. LRBRL: “Os membros das Corporacións Locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva, en cuxo caso serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pagamento das cotas empresariais que corresponda, agás o disposto no artigo anterior”.

Artigo 1.3. da Lei 53/1984: *“En calquera caso, o desempeño dun posto de traballo polo persoal incluído no ámbito de aplicación desta Lei será incompatíbel co exercicio de calquera cargo, profesión ou actividade, público ou privado, que poida impedir ou menoscabar o estrito cumprimento dos seus deberes ou comprometer a súa imparcialidade ou independencia”.*

Artigo 11 da Lei 53/1984: *“1. De acordo co disposto no artigo 1º.3 da presente Lei, o persoal comprendido no seu ámbito de aplicación non poderá exercer por si ou mediante substitución, actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexan por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de Entidades ou particulares que se relacionen directamente coas que desenvolva o Departamento, Organismo ou Entidade onde estivera destinado. Exceptúanse de dita prohibición as actividades particulares que, en exercicio dun dereito legalmente recoñecido, realicen para si os directamente interesados. 2. O goberno, por Real Decreto, poderá determinar con carácter xeral, as funcións, postos ou colectivos do sector público, incompatíbeis con determinadas profesións ou actividades privadas, que poidan comprometer a imparcialidade, independencia do persoal de que se trate, impedir ou menoscabar o estrito cumprimento dos seus deberes ou prexudicar os intereses xerais”.*

Artigo 12 da Lei 53/1984: *“1. En todo caso, o persoal comprendido no ámbito de aplicación desta Lei non poderá exercer as actividades seguintes: a) O desempeño de actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexa por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de Entidades ou particulares, nos asuntos nos que estea intervindo, intervira nos dous últimos anos ou teña que intervenir por razón do posto público. Inclúense en especial nesta incompatibilidade as*

actividades profesionais prestadas a persoas a quen se estea obrigado a atender o desempeño do posto público (...).

SEGUNDO.- DO RESTO DE NORMATIVA APLICÁBEL AO ACORDO OBXECTO DO RECURSO DE REPOSICIÓN

A recorrente, con evidente mala fe, obvia no seu recurso as seguintes normas que son, igualmente, de aplicación ao acordo adoptado polo Pleno e á situación persoal e profesional do comparecente, a saber:

Artigo 14 da Lei 53/1984: “O exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fora das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade. A resolución motivada recoñecendo a compatibilidade (...) que se ditará no prazo de dous meses, corresponde (...) ao Pleno da Corporación Local (...).”

Artigo 23 da Lei 40/2015: “Abstención. As autoridades e o persoal ao servizo das Administracións en quen se dean algunhas das circunstancias sinaladas no apartado seguinte absteranse de intervir no procedemento e o comunicarán ao seu superior inmediato, quen resolverá o procedente. 2. Son motivos de abstención os seguintes: a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución puidera influir a de aquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado. (...) e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou terlle prestado nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquer circunstancia ou lugar. (...) 5. A non abstención nos casos en que

concorra algunha desas circunstancias dará lugar á responsabilidade que proceda”.

En conexión co anterior o artigo 76 da LRBRL establece: *“Sen prexuízo das causas de incompatibilidade establecidas pola Lei, os membros das Corporacións Locais deberán absterse de participar na deliberación, votación, decisión e execución de todo asunto cando concorra algunha das causas a que se refire a lexislación de procedemento administrativo e contratos das administracións públicas. A actuación dos membros en que concorran tais motivos implicará, cando fora determinante, a invalidez dos actos nos que interviran”.*

Artigo 178 da Lei 5/1985: *“1. As causas de inelixibilidade a que se refire o artigo anterior, sono tamén de incompatibilidade coa condición de concelleiro. 2. Son tamén incompatibeis: a) Os avogados e procuradores que dirixan ou representen a partes en procedementos xudiciais ou administrativos contra a Corporación, con excepción das accións a que se refire o artigo 63.1.b) da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local. (...) 3. Cando se produza unha situación de incompatibilidade os afectados deberán optar entre a renuncia á condición de concelleiro ou o abandono da situación que, dacordo co establecido no apartado anterior, dea orixe á referida incompatibilidade (...)”.*

Artigo 13 do RD 2568/1986: *“1. Os membros das Corporacións Locais terán dereito a percibir, con cargo ao orzamento da entidade, as retribucións e indemnizacións que correspondan, nos termos que se determinan nos párrafos seguintes. 2. De acordo co establecido no artigo 75.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, terán dereito a percibir retribucións e a ser dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social os membros das Corporacións Locais que desenvolvan as súas responsabilidades*

*corporativas en réxime de dedicación exclusiva. No suposto de tais retribucións, a súa percepción será incompatíbel coa de calquera outra retribución con cargo aos orzamentos das Administracións Públicas e dos Entes, Organismos e Empresas delas dependentes. 3. O recoñecemento da dedicación exclusiva a un membro da Corporación esixirá a **dedicación preferente** do mesmo ás tarefas propias do seu cargo, sen prexuízo doutras ocupacións marxinais que, en calquera caso, non poderán causar detrimento a súa adicación á Corporación. No caso de que tais ocupacións sexan remuneradas, requirirase unha declaración formal de compatibilidade por parte do Pleno da entidade local”.*

De seguido analizamos as modalidades de incompatibilidade recollidas no ordenamento xurídico conectándoas co recurso no plano fáctico e xurídico.

TERCEIRO.- DA INCOMPATIBILIDADE PREVISTA NA LOREX

A LOREX contempla para os cargos de concelleiro/a un suposto de incompatibilidade por razón de profesión: “os avogados e procuradores que dirixan ou representen a partes en procedementos xudiciais ou administrativos contra a Corporación”.

Nada se plantexa ao respecto no recurso. Efectivamente, o comparecente, renunciou o 11 de xuño de 2019, é dicir, mesmo antes da súa toma de posesión, a todos aqueles asuntos profesionais que podían encadrarse nese suposto de tal maneira que optou, seguindo as palabras da LOREX, polo abandono da situación que daba orixe á incompatibilidade. O comparecente non só renunciou a aqueles casos nos que se podería considerar que dirixía ou representaba a partes en procedementos contra a Corporación senón que foi máis alá e renunciou xa nese intre á representación letrada en todos os asuntos administrativos nos que representaba a cidadáns perante o

Concello de Ponteareas (non só contra o Concello) e que debían ser resoltos ou abordados por este.

CUARTO.- DA INCOMPATIBILIDADE CONTEMPLADA NO RD 2568/1986: DECLARACIÓN FORMAL DE COMPATIBILIDADE

A segunda incompatibilidade/compatibilidade é a prevista no artigo 13 do RD 2568/1986 (en adiante ROF) e referida unicamente aos membros das corporacións locais que desenvolvan as súas responsabilidades corporativas en réxime de dedicación exclusiva. A norma establece primeiro unha prohibición ou incompatibilidade: os membros das Corporacións Locais que desenvolvan as súas responsabilidades corporativas en réxime de dedicación exclusiva non poderán percibir outra retribución con cargo aos orzamentos das Administracións Públicas. Pola contra, si poderán percibir retribucións por actividades privadas, cos seguintes condicionantes:

- a) Ter unha **adicación preferente** ás tarefas propias do seu cargo
- b) Que as ocupacións privadas (retribuídas ou non) sexan “**marxinais**” fronte ao carácter preferente das tarefas propias do seu cargo.
- c) Que as ocupacións privadas (retribuídas ou non) **non causen detrimento á súa adicación** á Corporación.

A sensu contrario podemos dicir que a norma establece que o réxime de dedicación exclusiva é incompatíbel cunha actividade (retribuída ou non, profesional ou non) que non sexa marxinal e que cause detrimento á adicación preferente que comporta a adicación exclusiva.

Por último, **se as ocupacións privadas son remuneradas**, como é o caso, **requírese unha “*declaración formal de compatibilidade*” por parte do Pleno**. Quere isto dicir, que ao Pleno da Corporación únicamente lle compete, e así o fixo, decidir se a actividade profesional privada **e remunerada** do comparecente é compatíbel coa súa adicación exclusiva **á vista das esixencias do artigo 13 do ROF, isto é: adicación preferente ás tarefas propias do seu cargo e ocupación privada marxinal que non cause detrimento á súa adicación.**

Así pois, en ningún caso a “*declaración formal de compatibilidade*” ten por obxecto avaliar as previsións contidas na Lei 53/1984 sobre incompatibilidades, norma que en ningún caso regula a declaración de compatibilidade como a acordada no pleno e se refire a supostos de incompatibilidade en relación á esixencia de imparcialidade e independencia de todo o persoal ao servizo da administración (non só dos que ostentan dedicación exclusiva). Efectivamente, tanto é así, **que a declaración de compatibilidade obxecto do recurso de reposición só se esixe normativamente para o caso de que o concelleiro desenvolva “as súas responsabilidades corporativas en réxime de adicación exclusiva” e pretenda compatibilizalas cunha actividade retribuida** (se non fora retribuida esa actividade privada tampouco se sometería á declaración formal do Pleno). Non se esixe tal “*declaración formal de compatibilidade*” nin para o concelleiro con adicación parcial nin para o que carece de calquera adicación. Quere isto dicir, que se a adicación fora parcial, o concelleiro non tería que someter a súa actividade privada a unha declaración formal de compatibilidade do artigo 13 do ROF e, sen embargo, si estaría suxeito a moitas das limitacións e esixencias da Lei 53/1984 e, polo tanto, podería infrinxir prohibicións contempladas en dita Lei para todos os cargos públicos que desenvolven outras actividades.

Resulta, pois, evidente que o legislador, cando crea a figura da “*declaración formal de compatibilidade*” no artigo 13 do ROF esíxea en relación, unicamente, ao cargo público con adicación exclusiva cando quere exercer outra actividade retribuída, e faino cunha única finalidade: garantir o exercicio da mesma conforme á esixencia de “*adicación preferente*” (non respecto á esixencia de imparcialidade ou independencia que é esixíbel a todos os cargos públicos, sometidos ou non a declaración formal de compatibilidade). Como a finalidade da norma é esa, os requisitos ou condicionantes que se establecen van dirixidos xustamente a asegurar a adicación preferente esixindo que a ocupación privada sexa marxinal respecto á dedicación exclusiva, e que non cause detrimento a esa dedicación exclusiva. En definitiva, trátase de evitar que un concelleiro/a con dedicación exclusiva non atenda as súas responsabilidades de forma preferente por ocuparse simultaneamente doutras remuneradas.

Se o legislador pretendese someter á “*declaración formal de compatibilidade*” do Pleno a compatibilidade dunha actividade privada dun concelleiro co exercicio do seu cargo retribuído, o ROF non cingiría a declaración ao suposto de dedicación exclusiva xa que calquera concelleiro con responsabilidades de goberno -e polo tanto con capacidade de adoptar decisións, resolucións ou ditar actos administrativos- e con independencia incluso de desfrutar de adicación exclusiva, parcial ou non contar con tal retribución, debe someterse ás limitación impostas pola lexislación para asegurar a súa independencia e imparcialidade. O ROF no artigo 13 pretende asegurar a “*exclusividade*” da adicación, entendida como “*adicación preferente*” e non excluínte doutras actividades que si autoriza (se son marxinais respecto á preferente e non causan detrimento a esta). E isto é o que tiña que valorar, e valorou, o Pleno, aprobando a declaración formal de compatibilidade condicionada a que a actividade privada remunerada se exerza de forma marxinal e garantindo a atención preferente das responsabilidades do concelleiro sen detrimento dese carácter preferencial. Daí

que, a raíz do informe xurídico emitido con carácter previo ao Pleno, se esixira ao comparecente que establecese os réximes horarios e de adicación a cada actividade para constatar ese carácter preferente e marxinal de cada actividade.

Cuestión diferente é o “*previo recoñecemento de compatibilidade*” previsto no artigo 14 da Lei 53/1984. Efectivamente, o previo recoñecemento de compatibilidade está previsto, segundo o artigo 14 da Lei 53/1984, para o persoal ao servizo da administración (que inclúe, artigo 2.1.c), o persoal ao servizo das Corporacións Locais), todo, é dicir, con adicación exclusiva ou parcial (do goberno ou da oposición).

Cómpre aquí facer unha aclaración aos efectos oportunos de valoración por parte dos servizos xurídicos e a secretaría xeral do Concello de Ponteareas. Cando o artigo 14 establece que o exercicio de actividades profesionais, laborais ou mercantís fóra das Administracións Públicas por parte dalguén que ostenta a condición de persoal da administración, debe someterse ao recoñecemento previo de compatibilidade, inclúe, ao entender do comparecente, aos cargos electos con adicación exclusiva ou parcial (no caso de Ponteareas cun 65% de xornada), pois ambos os dous son persoal ao servizo da Corporación Local. E o artigo 5 da Lei 53/1984, que podería inducir a confusión, coa súa referencia aos cargos retribuídos en réxime de dedicación exclusiva, en realidade recoñece o dereito do persoal incluído no ámbito de aplicación da Lei (persoal ao servizo dunha administración) a compatibilizar esa condición de persoal público coa condición de membro da Corporación Local se a dedicación é parcial e non exclusiva, un suposto que nada ten que ver coas situacións de dedicacións parciais do Concello de Ponteareas, onde as compatibilidades dos edís con ditas dedicacións (e polo tanto comprendidos no ámbito de aplicación da Lei) deberían ser sometidas a previo recoñecemento e non poden modificar a xornada de

traballo e horario do interesado/a, o que obriga a que os edís con dedicación parcial fixen dito horario, como fixo o comparecente e aínda non efectuou a recorrente.

Á vista do anterior o recurso de reposición fúndase unicamente, conforme se recolle no seu apartado cuarto, na suposta infracción do artigo 1.3. da Lei 53/1984 e, polo tanto, en relación ao “*previo recoñecemento de compatibilidade*”. As esixencias do artigo 1.3. da Lei 53/1984 non son requirimentos nin esixencias establecidas para a “*declaración formal de compatibilidade*” regulada no ROF e non son nin sequera requirimentos establecidos para un cargo público sometido ao réxime de dedicación exclusiva, senón para todo o persoal ao servizo da administración pública (traballadores/as, cargos públicos con adicación exclusiva ou parcial) cando pretenden compatibilizar esa situación non só cunha profesión no ámbito privado, senón tamén no ámbito público ou con calquera outro cargo público. Pola contra, a declaración formal de compatibilidade do artigo 13 do ROF e as súas esixencias están establecidas exclusivamente para os “*membros das Corporacións Locais*” (non, nese caso, para o persoal ao servizo da administración).

Así pois as infraccións normativas denunciadas no recurso de reposición para alegar a existencia de anulabilidade ou nulidade (extremo que non se aclara no recurso) cínguense ao “*previo recoñecemento de compatibilidade*” polo que nas presentes alegacións non se abordará o carácter marxinal da actividade -fóra de toda dúbida e non alegada normativamente no recurso- nin o feito de que dita actividade non causa detrimento á adicación preferente ao cargo público.

QUINTO.- DAS INCOMPATIBILIDADES DA LEI 53/1984: PREVIO RECOÑECIMENTO DE COMPATIBILIDADE

Aclarado o anterior entramos de seguido no fondo das alegacións contidas no recurso de reposición a fin de acreditar que o comparecente tampouco se atopa incurso nesas causas de incompatibilidade previstas na Lei 53/1984. Dita norma contempla que o desempeño dun posto de traballo polo persoal incluído no ámbito de aplicación desa Lei (tamén a recorrente) será incompatíbel:

- a) Cunha actividade profesional que poida impedir ou menoscabar o estrito cumprimento dos seus deberes (art.1.3 da Lei 53/1984). Cómpre indicar que os deberes do comparecente como persoal ao servizo da administración veñen derivados do decreto de delegacións ditado no seu día polo Alcalde de Ponteareas no que se lle atribúen unha serie de competencias e facultades.
- b) Cunha actividade que poda comprometer a súa imparcialidade ou independencia (art.1.3 da Lei 53/1984).
- c) Cunha actividade que se relacione directamente coas que desenvolva o Departamento, Organismo ou Entidade onde estivera destinado (art. 11 da Lei 53/1984).
- d) Cunha actividade que se desenvolva en asuntos nos que, por razón do posto público, estea intervindo, teña que intervir ou intervir nos dous últimos anos (art. 12 da Lei 53/1984).

En consecuencia, existe unha obriga do persoal ao servizo da administración de non incorrer nesos supostos, obriga que, como se verá, se pode atender de diferentes xeitos ou mesmo baixo diferentes fórmulas contempladas normativamente: así, por exemplo, renunciando e evitando realizar esas actividades concretas (non

necesariamente renunciando a todas as actividades inherentes á profesión), cumprindo co deber de abstención establecido no artigo 23 da Lei 40/2015, etc...

No caso que nos ocupa, o comparecente non incorre en ningún dos supostos antes enumerados:

- a) O exercicio de forma marxinal da actividade de avogacía e de politólogo non impide o cumprimento dos seus deberes, precisamente por ese carácter marxinal. De feito, no recurso non se concreta que deber se vería impedido por causa desa adicación profesional. Tampouco menoscaba, é dicir, non mingua o cumprimento dos seus deberes, pois a adicación preferente ao cargo de concelleiro está garantido cun horario comunicado polo comparecente que sobrepasa con creces (case 50 horas semanais de luns a venres) o horario do persoal ao servizo da administración.

- b) O exercicio da avogacía e politoloxía por parte do comparecente non compromete a súa imparcialidade ou independencia e isto porque a propia Lei xa impide ser concelleiro e letrado en asuntos contra o Concello e, ademais, o propio comparecente renunciou a todos os asuntos profesionais que atinxían ao Concello de Ponteareas. En todo caso, o que existe é unha obriga imposta ao comparecente de asegurar a súa imparcialidade ou independencia no exercicio do seu cargo público. Ademais de dar cumprimento a estas esixencias renunciando a calquera asunto que atinxa ou se sustancie no Concello de Ponteareas, o deber de abstención previsto no artigo 23 da Lei 40/2015 se configura no mecanismo último de garantía daquelas esixencias: as autoridades e o persoal ao servizo das administracións absteranse de intervir

no procedemento cando concorran, entre outras causas (e cinguíndonos ás que teñen relación coa situación do comparecente):

1. Ter interese persoal no asunto, ser administrador de sociedade interesada ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.
2. Ter amizade íntima ou enimizade manifesta cos interesados
3. **Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou terlle prestado nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar.**

A propia Lei 40/2015 establece que a non abstención dará lugar a responsabilidades

Así pois, o comparecente, xa con independencia de continuar ou non coa súa actividade profesional, está obrigado, por exemplo, a non intervir en procedementos de interesados aos que prestase servizos profesionais nos dous últimos anos. O mesmo acontecería se un cliente actual do comparecente ao que o letrado representa nun asunto alleo ao Concello se converte en parte interesada noutro procedemento sustanciado no Concello de Ponteareas: o comparecente deberá absterse de intervir nese asunto. Nada diferente do que acontece se o cargo público ten un vínculo de parentesco co interesado/a.

Os argumentos hipotéticos e abstractos empregados no recurso de reposición levarían ao absurdo de que, por exemplo, calquera persoa que teña parentes consanguíneos dentro do cuarto grao non podería ostentar un cargo público ao ser factíbel que a súa independencia ou imparcialidade se vira comprometida

de se incoar algún expediente no que eses parentes tiveran a condición de interesados ou porque poderían ter acceso a documentos confidenciais (como se cita no recurso) que afectasen a ditos parentes. Ou un comerciante non podería ostentar un cargo con adicación exclusiva ao ser factíbel que calquera dos seus clientes puidera ser parte interesada nun procedemento a resolver por dito cargo.

En definitiva, o comparecente non ten que renunciar á súa actividade de avogado para asegurar o cumprimento do previsto no artigo 1.3. da Lei 53/1984; unicamente debe asegurar a súa independencia ou imparcialidade, ben a priori (renunciando a asuntos relacionados co Concello de Ponteareas como administración) ou ben a posteriori (absténdose de intervir nos procedementos nos que sexan interesadas persoas coas que teña ou tivera nos últimos dous anos relación profesional). De seguido, no seguinte apartado, enumeraranse as actividades profesionais do comparecente que exclúen calquera incumprimento das incompatibilidades citadas no recurso de reposición.

- c) O exercicio da avogacía e da politoloxía por parte do comparecente tampouco se relaciona **directamente** coas actividades que desenvolva o Departamento, Organismo ou Entidade onde estivera destinado (art. 11 da Lei 53/1984). Salientamos en negriña a verba directamente, porque se esixe para a incompatibilidade citada unha relación directa entre actividade profesional e actividades que desenvolva o departamento, organismo ou entidade de destino do cargo público.

Como xa quedou dito, o comparecente non pode intervir contra o Concello como avogado (é causa de incompatibilidade coa propia condición de concelleiro) de tal maneira que non pode representar a ningún cidadán que pretenda actuar contra o Concello de Ponteareas (recorrido unha sanción, unha liquidación dun imposto, etc...). Só no caso de facelo estaría incorrendo nesa incompatibilidade; pero non incorre en incompatibilidade ou vulneración dunha prohibición por exercer a avogacía.

Efectivamente, as actividades que exerce o comparecente como avogado non se relacionan directa (nin indirectamente) coas súas competencias delegadas.

A modo de exemplo citamos:

1. Dirección letrada en asuntos xudiciais no orde civil nos que o Concello de Ponteareas non é parte. Un proceso civil entre particulares sobre dereitos reais, obrigas e contratos, sucesións, dereito de familia, nacionalidade, etc... nos que o comparecente represente a unha das partes, ningunha relación directa (nin indirecta) ten coas súas competencias, departamentos, organismos ou entidades nas que estea destinado. Neste sentido resulta completamente indiferente o ámbito territorial no que se sustancie o proceso xudicial, pois o que é obxecto do pleito é sempre un interese privado.
2. Dirección letrada de asuntos administrativos ou contencioso-administrativos nos que o Concello de Ponteareas non sexa parte nin organismo no que se sustancie o procedemento. Resulta obvio que a dirección letrada que o comparecente poida asumir en representación dun particular para intervir nun procedemento administrativo en calquera outro

concello do Estado ou en calquera outra administración (autonómica, estatal) non se relaciona nin directa nin indirectamente coas competencias do comparecente. O mesmo cabe predicar respecto a procesos contencioso-administrativos nos que o comparecente actúe como demandante ou como codemandado en relación con actos administrativos ou disposicións xerais ditadas por outras administracións diferentes do Concello de Ponteareas. Cómpre aclarar que non é preciso establecer no acordo de incompatibilidade esta limitación pois a mesma derívase xa *ex lege* de numerosas normas xurídicas de aplicación, xa citadas.

3. Dirección letrada en asuntos a dilucidar na xurisdición social. Novamente se trata de procedementos que son alleos ás competencias do comparecente sempre que o Concello de Ponteareas ou un traballador de dita administración non sexan parte en dito procedemento.
4. Dirección letrada en asuntos a dilucidar nos xulgados do mercantil. Novamente se trata de procedementos que son alleos ás competencias do comparecente sempre que o Concello de Ponteareas non sexa parte en dito procedemento.
5. Dirección letrada en asuntos penais. Unha vez máis trátase de procedementos alleos ás competencias do comparecente sempre que o Concello non sexa parte.

En definitiva, excluindo, por lóxica e por obriga legal xa recollida no ordenamento normativo, os asuntos nos que o Concello de Ponteareas é parte ou é a administración na que se sustancia o procedemento, o resto da

actividade profesional da avogacía non ten relación directa coa actividade como cargo público do comparecente.

Neste punto cabería preguntar á recorrente como se garantíu no seu día a imparcialidade e independencia dun edil do seu partido político, quen ostentaba competencias delegadas en materia de seguridade cidadán e tráfico, sen que por iso deixara, como é lóxico, de exercer a súa actividade privada de avogado. Obviamente, dito letrado en ningún caso podería ter intervido en asuntos nos que puidera incorrer nas incompatibilidades establecidas no noso ordenamento xurídico e debería terse abtido, especialmente, no suposto contemplado no artigo 23.2.e) da Lei 40/2015. O feito de que dito concelleiro non disfrutara de adicación exclusiva ou parcial resulta indiferente, pois non lle eximía de actuar con independencia e imparcialidade, outra proba máis de que o acordo impugnado pola recorrente, previsto só para os casos de adicacións exclusivas, nada ten que ver con eses principios e esixencias.

- d) Por último, a actividade da avogacía e a politoloxía deberá ser desenvolvida sen atinxir asuntos nos que, por razón do posto público, estea intervindo ou teña que intervir o comparecente. E ademais, non poderá o comparecente, unha vez cese no seu cargo público, desenvolver actividade de avogacía en asuntos nos que tivera intervido nos dous últimos anos de exercicio do seu cargo. Non se trata pois dunha incompatibilidade, senón dunha prohibición. Así o di o propio artigo 12 da lei 53/1984: “1. *En todo caso, o persoal comprendido no ámbito de aplicación desta Lei non poderá exercer as actividades seguintes: (...) nos asuntos en que esta intervindo, intervira nos dous últimos anos ou teña que intervir por razón do posto público*”. É dicir, no marco do seu traballo profesional, o comparecente non pode actuar en asuntos nos que estea

intervindo ou teña que intervir, pero non por iso se lle pode privar do exercicio da avogacía ou da politoloxía.

SEXTO.- DERRADEIRAS CONSIDERACIÓNS

Por último referirémonos a determinadas afirmacións contidas no recurso de reposición e non abordadas nos apartados anteriores:

1. Alégase (páxina 3 do recurso) que se permitiu ao solicitante modificar o horario da súa adicación exclusiva o que estaría prohibido no artigo 14 da Lei 53/1984. Unha vez máis ponse de manifesto a dificultade da recorrente para comprender o significado xurídico e normativo dun precepto legal, labor intelectual no que é preciso saber contextualizar o artigo no conxunto do corpo legal. A lei está pensada principalmente para persoal ao servizo da administración, é dicir, traballadores públicos cun contrato de traballo no que figuran os horarios da súa xornada laboral, de conformidade coa lexislación laboral e o seu convenio, daí a previsión do artigo 14. Os cargos electos con réxime de dedicación exclusiva ou parcial non teñen establecido a priori un horario polo que, lxicamente non é que se “le permite al solicitante modificar el horario”, pois non se pode modificar o que non existe. Ao contrario, neste caso obrigouse ao solicitante a establecer un horario, cuestión que tamén se esixiu, por certo, á recorrente en relación coa súa adicación parcial e que case catro meses despois aínda non concretou, descoñecendo a Corporación Municipal de que modo exerce e cumpre co seu 65% de xornada ao servizo do Concello.
2. Respecto ás alegacións relativas aos horarios determinados polo comparecente, nas que se denuncia falta de información debemos lembrar que

obra no expediente os horarios establecidos por escrito para a dedicación exclusiva e para a dedicación á actividade privada. Ademais dunha xornada matinal ordinaria de 7:30 a 15:00, equivalente á xornada dos traballadores ao servizo do Concello de Pontearreas, e que por si mesma sería dabondo para xustificar a dedicación preferente ao cargo de concelleiro, incluíronse tamén tres tardes semanais de catro horas cada unha (de 16:00 a 20:00), que exceden xa polo tanto da xornada ordinaria dun traballador, ao que se engaden as actividades propias dos concelleiros/as que se desenvolven en sábados, domingos ou festivos como consecuencia do exercicio do seu cargo (asistencia a actos institucionais, sociais, incidencias en servizos activos as vinte e catro horas do día, os sete días da semana, dependentes do concelleiro como a área de Tráfico). Ao mesmo tempo cinguíuse a dedicación á avogacía a dúas tardes semanais así como aos sábados.

En todo caso, o que resulta relevante respecto aos horarios da dedicación é que se garante a adicación preferente esixida no artigo 13 do ROF, extremo do que non hai dúbida e que non se pode poñer en cuestión porque puntualmente o comparecente teña que asistir a algunha vista xudicial en horario matinal.

A referencia ao artigo 12.2 da Lei 53/1984 é unha nova mostra de descoñecemento e incapacidade da recorrente para interpretar unha norma. A actividade privada do comparecente non é un "*puesto de trabajo que requiera la presencia efectiva del interesado durante un horario (...)*", refírese este suposto ás relacións laborais por conta allea nas que un traballador está obrigado a acudir ao seu posto de traballo nun horario obrigatorio. E en todo caso, cos horarios comunicados polo comparecente resulta obvio que as horas de adicación á actividade privada non son igual (e moito menos superiores) ás horas da xornada semanal ordinaria de traballo na administración pública: 49,5

horas semanais (de luns a venres) de adicación ao Concello, fronte a 8 horas (dúas tardes) de adicación á actividade privada.

3. Alégase que se concede ao comparecente a compatibilidade “*sin ningún tipo de limitación, concediéndole la libertad de ejercer su actividad privada de abogado en el Municipio de Ponteareas, con asuntos relacionados con vecinos y empresas de Ponteareas*”. A recorrente ignora, unha vez máis, que o outorgamento da compatibilidade non suspende a vixencia do ordenamento xurídico que establece as limitacións correspondentes no exercicio da avogacía (ou de calquera outra actividade) cando se ostenta un cargo de representación pública. Quere isto dicir, que o comparecente poderá, por exemplo, defender no Xulgado de Ponteareas a un veciño da localidade que discute a titularidade dominical dun terreo a outro veciño da localidade sen que tal actividade afecte á imparcialidade ou independencia do concelleiro no exercicio do seu cargo; ou poderá asesorar a un veciño de Ponteareas na redación e sinatura dun contrato de compravenda dunha propiedade sen que tal actividade teña incidencia algunha no exercicio do seu cargo. E non poderá obviamente representar no Xulgado Contencioso-Administrativo ao recorrente dunha sanción imposta polo Concello de Ponteareas. En consecuencia, limitar a actividade de avogado prohibindo a prestación de servizos a clientes de Ponteareas ou sobre asuntos residenciais en dita localidade resulta absurdo. O límite ven establecido pola incidencia que o asunto teña sobre o Concello de Ponteareas como administración, límites derivados da lexislación xeral e do propio código deontolóxico da avogacía.

Neste sentido, convén sacar a colación literalmente a acta do Concello de Albacete de 24.11.2011 nun suposto idéntico ao que é obxecto de impugnación

pola portavoz do PP. **Neste caso un concelleiro do mesmo partido, o Partido Popular, con adicación exclusiva solicita a compatibilidade coa súa profesión de avogado e resulta aprobada POR UNANIMIDADE co informe xurídico favorábel,** exemplo este que, máis alá das consideracións xurídicas, revela a catadura moral da recorrente e que, ademais, lembra que, respecto ao conflito de intereses, existe un código deontolóxico de obrigado cumprimento -só pena de sancións- por parte dos avogados colexiados:

7.- PROPUESTA DE RECONOCIMIENTO DE COMPATIBILIDAD A CONCEJAL. En este momento se ausenta de la sesión el concejal D. Francisco Navarro Cebrián, del Grupo Municipal Popular. Se somete a la consideración del Pleno el escrito presentado por Don Francisco Navarro Cebrián, por el que solicita le sea concedida la compatibilidad para el desempeño de actividades profesionales de carácter privado. El Informe emitido al respecto por el Jefe de la Sección de Gestión de Relaciones Laborales es del siguiente tenor literal: "1º.- Don Francisco Navarro Cebrián es concejal del Ayuntamiento de Albacete, perteneciente al Grupo Político del Partido Popular. En este momento ejerce su cargo con dedicación parcial, pero en un futuro lo ejercerá con dedicación exclusiva, solicitando la compatibilidad del cargo de concejal con dedicación exclusiva con el ejercicio privado de la profesión de abogado.

El Sr. Navarro manifiesta en su escrito que percibirá ingresos por el ejercicio de la abogacía derivados de su pertenencia al "Turno de oficio" y en menor medida de otros asuntos particulares. 2º.- El art. 75.1 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local (LRBRL) señala que los miembros de las Corporaciones Locales que desempeñen sus cargos con dedicación exclusiva percibirán retribuciones. Añadiendo que su percepción será incompatible con la de otras retribuciones con cargo a los presupuestos de las Administraciones Públicas y de los entes, organismos o empresas de ellas dependientes, así como para el desarrollo de otras actividades, en los términos de la Ley 53/1984, de 26 de diciembre, de incompatibilidades del Personal al Servicio de las Administraciones Públicas. En principio, la percepción de retribuciones por el desempeño del cargo con dedicación

exclusiva es incompatible con cualquier otra retribución que provenga de los presupuestos de cualquier Administración, organismo o empresa públicos, mientras que no existiría incompatibilidad con el desempeño de actividades remuneradas de carácter privado, siempre que dichas actividades no se encuentren entre las expresamente prohibidas en los arts. 11 a 15 de la Ley 53/1984, de 26 de diciembre y se autorice la compatibilidad por el órgano competente. **3º.- Examinados los arts. 11 a 15 de la Ley 53/1984, de 26 de diciembre, no hay en la actividad de abogado causa que impida su compatibilidad con el cargo de concejal con dedicación exclusiva, y en de darse algún conflicto de intereses, como la representación de terceros frente al Ayuntamiento, serían las normas deontológicas que regulan la profesión de abogado las que obligarían a D. Francisco Navarro Cebrían a actuar en contra del Ayuntamiento.** 4º.- La jurisprudencia ha admitido la posibilidad de compatibilizar el cargo de concejal con dedicación exclusiva con el ejercicio de una actividad profesional, siendo particularmente ilustrativa la Sentencia num. 114/2006 de 28 de abril del T.S.J. de Islas Canarias (Sala de lo Contencioso Administrativo, Sección 2ª), que contempla un supuesto de hecho idéntico al que nos ocupa, concluyendo la Sala que es compatible, estableciendo como única reserva que no merme o reste su dedicación al cargo que desempeña. De conformidad con el Título X de la ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local al Ayuntamiento de Albacete, y por aplicación del art. 127.1.h, que atribuye a la Junta de Gobierno Local las decisiones en materia de personal que no estén expresamente atribuidas a otro órgano, es a Junta de Gobierno a la que corresponde autorizar la compatibilidad. No obstante, por tratarse de un miembro de la Corporación municipal, se estima procedente la aplicación del art. 14 de la Ley 53/1984, de 26 de diciembre, de Incompatibilidades, que dispone que la resolución motivada reconociendo la compatibilidad corresponde al Pleno de la Corporación Local, el expediente sea resuelto por el Pleno." (...) En virtud de los antecedentes anteriores y teniendo en cuenta el dictamen de la Comisión informativa de Economía de fecha 21 de noviembre de 2011, y a la vista del régimen legal de incompatibilidades, el Pleno acuerda por unanimidad de todos los asistentes, conceder la concesión de la compatibilidad solicitada para la realización de la actividad profesional de abogado en el momento en que pase a tener dedicación exclusiva, al Sr.

Navarro Cebrian. En este momento se incorpora al Salón de Plenos el Concejel D. Francisco Navarro Cebrian”.

4. Resulta chamativo que se alegue (páxina 9) o suposto acceso á información confidencial coma un motivo que conlevaría a prohibición de exercer a avogacía, pois dito argumento sería aplicábel a calquera cargo público con independencia de ostentar adicación remunerada ou non e levaría a que os cargos electos con responsabilidades de goberno non remuneradas deberían renunciar ás súas actividades profesionais. Lembremos o exemplo exposto anteriormente dun concelleiro de Tráfico e Seguridade Cidadán do Partido Popular que, sen adicación algunha, exercía e exerce de avogado na localidade e tiña acceso a esa suposta información confidencial á que se refire a recorrente. Aplicando o criterio desta, dito concelleiro non podería ter exercido ningunha responsabilidade naquel goberno local.

5. Por último, o recurso inclúe tamén a actividade de politólogo ao mesmo nivel que o da avogacía sen que en ningún lugar do recurso se explique motivo algún polo que dita actividade profesional vulneraría algunha das normas de aplicación.

Cómpre finalmente salientar que o comparecente a fin de evitar calquera conflito de intereses non só actuou nos termos xa expostos neste escrito (renunciando a todos os asuntos profesionais que atinxían ao Concello de Pontareas) senón que tamén renunciou aos cargos de Presidente e de Secretario de dúas asociacións culturais da localidade que teñen relación co Concello (subvencións, contratacións) causando baixa nas súas directivas e mesmo causou baixa na sociedade civil profesional na que desenvolvía a súa actividade profesional, tal e como consta desde hai meses no seu rexistro de intereses. É dicir, o comparecente ten actuado poñendo a ética mesmo por

diante e por enriba das esixencias legais indo moito máis alá destas, extremo este que non é predicábel da recorrente con longa, pública e notoria traxectoria en comportamentos éticamente condenabeis.

En definitiva, por todo o dito

SOLICITO teña por formuladas estas **ALEGACIÓNS** e, á vista das mesmas, intereso do Pleno da Corporación Municipal se acorde desestimar o recurso de reposición.

Ponteareas, 22 de outubro de 2019